

# MERCA NOS CONCHEIROS

## E CONSIGUE ATA 90€ NAS TÚAS COMPRAS

**BONOS CORAZÓN CONCHEIROS**

**DESCARGA OS TEUS BONOS**

*Por cada compra realizada a través dos bonos, recibirás un boleto para optar a vales de compra adicionais*

CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA 2021 2022 AÑO SANTO

**+info:** bonoscorazoncompostela.gal

## 1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN CONCHEIROS?

O programa de Bonos Corazón Concheiros é unha iniciativa do Concello de Santiago que ten por obxectivo incentivar a actividade económica mediante o cofinanciamento de **bonos para o consumo no comercio e na hostalería da rúa dos Concheiros e da contorna.**

## 2. COMO FUNCIONAN OS BONOS CORAZÓN CONCHEIROS?

**Cada cliente poderá descargar ata 3 bonos cofinanciados nun 40% polo Concello de Santiago** e nun 60% pola persoa solicitante.
Hai tres tipos dispoñibles:

- **Bono de 75 €** (IVE incluído):
  45 € ponos o usuario, 30 € o Concello.
- **Bono de 50 €** (IVE incluído):
  30 € ponos o usuario, 20 € o Concello.
- **Bono de 30 €** (IVE incluído):
  18 € ponos o usuario, 12 € o Concello.

Cadaquén poderá escoller libremente entre calquera das 3 modalidades, sendo posible solicitar máis dun bono da mesma clase.

O importe dos bonos irase consumindo nas compras de bens ou de servizos realizadas nos establecementos adheridos ao programa antes do 31 de maio de 2022, ata o esgotamento do saldo.

## 3. COMO SOLICITAR OS MEUS BONOS CORAZÓN CONCHEIROS?

Entra na web
**www.bonoscorazoncompostela.gal**
e rexístrate indicando os teus datos. Unha vez validada a solicitude e verificada a achega do cofinanciamento, poderás descargar os teus bonos en formato dixital a través dun código QR que estará dispoñible para a súa utilización na APP Wallet.
Se prefires solicitalos de maneira presencial, deberás pedir unha cita a través do enderezo electrónico
comercio@santiagodecompostela.gal
ou no teléfono 981 542 492.

## 4. QUEN PODE OBTER OS BONOS CORAZÓN CONCHEIROS?

Calquera persoa pode beneficiarse do programa. Non é preciso que estea empadroada en Santiago. O único requisito é ser maior de idade.

## 5. CANDO PODO EMPREGAR OS MEUS BONOS?

Tes de prazo ata o **31 de maio de 2022**. Nese momento o bono non trocado caduca e pérdese o saldo non consumido.

## 6. COMO TROCO OS MEUS BONOS CORAZÓN CONCHEIROS?

No momento de pagar deberás presentar o teu bono Corazón Concheiros a través da aplicación móbil do programa. O importe de cada compra ou servizo adquirido irase descontando do saldo inicial de 75, 50 ou 30 €. Podes esgotalo nun só acto de consumo ou en varios, no mesmo ou en diferentes establecementos adheridos.

## 7. ONDE PODO MERCAR COS MEUS BONOS?

A listaxe de establecementos comerciais e de hostalería adheridos ao programa será publicada na web
**www.bonoscorazoncompostela.gal**
co seu nome e localización.

Así mesmo, todos lucirán no exterior carteis e adhesivos coa imaxe do programa para indicar que alí podes trocar os teus bonos.

## 8. QUE OCORRE SE DEVOLVO O QUE MERQUEI?

Nese caso, podes aplicar o importe do bono a outra compra de prezo igual ou superior ou trocalo por un vale sen caducidade.

**ENTRA XA EN WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL E REXÍSTRATE!**

**+info:** bonoscorazoncompostela.gal